

Á vista do escrito do profesor D. Rubén Retuerto Franco, Director do Departamento de Bioloxía Celular e Ecoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, de 30 de xaneiro de 2015, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as en prácticas da titulación de Grao en Bioloxía, Impartida na Facultade de Bioloxía esta REITORÍA

-Considerando que na Facultade de Bioloxía se imparte a titulación de *Grao en Bioloxía*, que recolle a posibilidade de que os alumnos/as realicen prácticas en empresas, institucións públicas ou privadas de ata 4,5 créditos ECTS, 112,5 horas (1 crédito por cada 25 horas). Con estas prácticas preténdese que os estudantes desenvolvan os coñecementos e habilidades adquiridos ao longo dos estudos.

-Considerando que o Departamento de Bioloxía Celular e Ecoloxía arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos das titulacións da Facultade de Bioloxía, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudantado.



RESOLVE

1. Autorizar a realización de prácticas dos/as alumnos/as da titulación de Grao en Bioloxía da Facultade de Bioloxía nas instalacións do Departamento de Bioloxía Celular e Ecoloxía da Universidade de Santiago.,
2. Establecer que o réxime das practicas será o seguinte:
 - Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os/as alumnos/as constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito por cada vinte e cinco horas de prácticas, sen poder superar o límite de 112,5 horas, que establece o plan de estudo para estes efectos. Estes créditos recoñeceranse como obrigatorios segundo o establezan os planos de estudio.
 - Estas prácticas realizaranse no período que determine a Comisión de Docencia destas titulacións de acordo coa dirección do Departamento de Bioloxía Celular e Ecoloxía e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
 - As prácticas a realizar polo alumnado do Grao en Bioloxía terán relación coas liñas de investigación nas que traballa o Departamento de Bioloxía Celular e Ecoloxía.
 - Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
 - Estas prácticas non comportarán compensación económica e non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
 - Os/as alumnos/as que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.

- A Comisión de Docencia da titulación de Grao en Bioloxía da Facultade de Bioloxía nomeará a un titor, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, o Departamento de Bioloxía Celular e Ecoloxía nomeará a un titor desta área que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos/as alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-ra, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-ra de prácticas do Departamento de Bioloxía Celular e Ecoloxía.
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
Se a avaliación da memoria é positiva e o Informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do Departamento de Bioloxía Celular e Ecoloxía emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2015

O REITOR



Juan M. Vialto Rey

SR. DECANO DA FACULTADE DE BIOLOXIA
SR. RUBEN RETUERTO FRANCO
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA
SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA